

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA.

CURSO 2019/2020

**MATERIA: RELIXIÓN CATÓLICA**

**CURSO :EDUCACIÓN INFANTIL**

**DATA.: MAIO 2020**

Ante as consecuencias e medidas adoptadas polas institucións, a raíz da Pandemia COVID-19, dende a asignatura de Relixión Católica e cara a este terceiro trimestre, fíxose a seguinte adaptación para o alumnado da etapa de Educación Infantil.

Seguindo as instrucións do 27 de Abril do 2020, da Dirección Xeral de Educación cara os centros Docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, e lembrando que na Educación Infantil a avaliación forma parte inseparable do proceso educativo, e será global, continua e formativa, e vindo ademais a necesidade imprescindible de reforzar a comunicación cos pais, nais e titores legáis dos alumnos e alumnas, publiquei un BLOG, onde dase cabida ós contidos, obxetivos e conceptos mínimos, así coma diferentes actividades adaptadas a súa idade (4º,5º e 6º educación infantil).

O blog, ReliBeade (<https://www.relibeade.com/>), ten coma principal finalidade, o acceso rápido e sinxelo ós contidos da Materia de Relixión, e a unha maior fluidez na comunicación, a través dun correo electrónico, cos pais e nais, para seguir o proceso evolutivo do seu fillo-a.

Contén actividades, que teñen como obxectivo básico a aprendizaxe dun xeito lúdico e atractivo para os alumn@s, tendo en conta a situación de lóxica preocupación e extrañeza, e a adaptación que requiren as familias ó momento excepcional que estamos a vivir.

Tendo en conta todo a anteriormente exposto, o blog referido divídese en 3 bloques, que abarcan Contidos, Videos e Extras.

CONCEPTOS	VALORES	ACTIVIDADES
Pascua	As celebración, momentos de alegría. Tamén valorar o amor cara outros.	Ficha individual, videos de contos narrados e ilustrados e manualidades.
Día da nai	Admiración e agarimo pola súa nai. Remárcanse os sentimentos.	Ficha individual para regalar a mamá, audicións e manualidades.

No bloque principal, os país/nais pódense descargar e imprimir distintas fichas e actividades adaptadas a súa idade, e que logo remiten polo correo electrónico referido na páxina.

Atendendo tamén a carencia dalgunhas familias da tecnoloxía requerida para tal proceso, no bloque de vídeos, atopan enlaces relacionados coa temática semanal, a cal poden acceder de forma sinxela.

No terceiro bloque, “extras”, as familias accederán a unha serie de actividades, coma manualidades, cancións, recetas, etc... para que as podan facer todos xuntos, e así afianzar os vínculos familiares, tan necesario nestes momentos que estamos a vivir.

A solidaridade	Respeto e axuda ós demais, Colaboración e sentirse unidos.	Ficha para colorear, contos e canción.
A Virxe María	A importancia da Virxe María na nosa vida.	Ficha, pequeno vídeo explicativo sobre a vida da Virxe e canción.
A Familia	Aprecio a todos os compoñentes da familia. Amor e empatía.	Ficha individual, vídeos e xogos cooperativo
Alegría e agarimo	Alegría e aprecio polas pequenas cousas que nos rodean	Ficha individual, audi-contos e propostas de xogos cara o verán

### **Educación Infantil – 3, 4 e 5 anos**

#### **Procedementos e instrumentos de Avaliación**

A avaliación en infantil, é global, continua e formativa. Polo tanto, co momento que estamos a vivir, e as consecuencias que isto conleva, os criterios flexibilizaranse , tendo en conta o acceso das familias ós medios informáticos e a súa situación familiar. Por iso vaise priorizar , para realizar a avaliación final, o traballo levado a cabo nos dous primeiros trimestres, sumando o realizado neste terceiro, resaltando en todo momento a situación extraordinaria que cada neno-a tivo que vivir neste periodo.